

01 Presentación do proxecto



Planta dun forno de cal modificada dun debuxo de Xaquín Lorenzo "Xocas".

o forno de cal Santo Adrán de Cobres

Ría de Vigo coa ponte de Rande en construción. Fotografía vertical do ano 1975. Imaxe cedida pola Cartoteca Provincial "Domingo Fontán", Deputación de Pontevedra.




Un feito azaroso orixina no comezo do ano 2017 o proxecto do *Forno de Cal de Santo Adrán*, froito da vontade conxunta do Museo Etnolóxico (Ribadavia) e do CPI do Toural (Vilaboa) de colaborar nun plan de estudo e recuperación do citado ben patrimonial encamiñado á participación da comunidade escolar, ofrecéndolle ao alumnado a posibilidade de explorar fóra das aulas certas claves relevantes sobre a construción da identidade colectiva local.

É intención do Museo ofrecer unha resposta diferente ás ensaiadas ata o de agora sobre o tratamento institucional dos bens culturais, formulando o discurso museográfico lonxe do seu entorno habitual, incorporándolle formulacións metodolóxicas educativas dunha comunidade non afeita, en principio, a traballar co patrimonio cultural.

Do tradicional rescate dun ben etnolóxico para a súa restauración e posterior exhibición, agora inténtase o proceso inverso: ensaiar coa comunidade escolar e tamén local, tarefas orientadas ao recoñecemento e significado para quen posúe e participa do ben ata chegar ao mesmo obxectivo: o da súa posta en valor.

Esta é unha cuestión que non se debe reducir a un asunto de especialistas, pola contra, interesa a toda a sociedade: dende a corporación municipal ata á cidadanía e, sobre todo, ás novas xeracións, nas que se ten que depositar a responsabilidade da súa preservación, estimulando coa súa participación activa a capacidade para re-apropriarse do tempo (memoria) e do espazo no que viven o seu acervo cultural.




Mapa: Open Street Maps



As caleiras tradicionais están formadas por estruturas pétreas troncocónicas amais doutros elementos materiais permanentes uns e desmontábeis outros. Estes fornos eran empregados para obter o cal a partir da calcinación de rochas calcarias, sendo habitual a súa presenza nas zonas con este tipo de rochas.

Alzado dun forno de cal en Masma (Mondoñedo) nun debuxo de Xaquín Lorenzo "Xocas".




A normativa galega en materia de patrimonio cultural presume o valor etnolóxico dos fornos de cal de carácter tradicional, como é o caso do Forno de Santo Adrán, en Vilaboa (artigo 91.3.e). da lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia). O interese patrimonial abrangue non só ao inmóbel, senón que inclúe as actividades aquí desenvolvidas, as técnicas empregadas, os documentos xerados na súa actividade, os testemuños das condicións laborais, etc.



Parte do grupo de traballo diante da caleira cuberta de silveiras. Imaxe de Rosa Lamas, 2017.

A calcaria non está presente no entorno xeolóxico de Vilaboa; e o transporte do cal non era rendíbel a gran distancia. Entón como atender á demanda de cal na comarca? Velaquí a explicación á presenza dun forno de cal na ribeira da enseada de San Simón. A pedra de cal chegaba polo mar, un medio de transporte de custo razoábel na época, e procesábase na caleira de Santo Adrán. O cal obtido distribuíase pola comarca.



Enriba: á esquerda detalle da vista aérea do forno 1975. Á dereita vista interior da cheminea, imaxe de Carlos Acuña, 2017. Debaixo: unha das xanelas superiores e porta de acceso parcialmente oculta polos restos do propio forno, fotografías de Eloi Pena, 2017.